



## Estudo sobre o emprego autónomo en Galicia

### METODOLOXÍA

---

#### 1. Obxectivo

O principal obxectivo desta actividade estatística é proporcionar información sobre o traballo por conta propia en Galicia, abordando distintos ámbitos deste, como por exemplo...

- As características das persoas que desempeñan este tipo de actividades en Galicia, como o seu xénero, o grupo de idade ao que pertencen, etc.
- As características do emprego autónomo en Galicia, como o sector con maior incidencia deste tipo de emprego ou a antigüidade das afiliacións por conta propia.
- A taxa de supervivencia destas actividades co paso do tempo.
- O volume de cotización das actividades por conta propia ao Sistema da Seguridade Social, de cara á percepción futura de prestacións do Sistema (como a pensión de xubilación).

O colectivo obxecto deste estudio son as persoas que cotizan ao Réxime Especial de Autónomos e Autónomas e ao Réxime Especial de Traballadores e Traballadoras do Mar por conta propia, con actividade laboral en Galicia (residan ou non na Comunidade Autónoma galega).

As fontes de información principais das que se partiu para a elaboración deste estudio son:

- Os ficheiros mensuais de afiliacións á Seguridade Social, que proporciona a Tesourería Xeral da Seguridade Social (en adiante, TXSS) e o Instituto Social da Mariña, en virtude do convenio firmado entre estos organismos e o Instituto Galego de Estatística (en adiante, IGE)<sup>1</sup>.
- A Mostra Continua de Vidas Laborais (en adiante, MCVL), facilitada pola Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, previa petición do IGE.

<sup>1</sup> Convenio de colaboración en materia estatística establecido entre a Tesourería Xeral da Seguridade Social, o Instituto Social da Mariña e o Instituto Galego de Estatística en abril/2021. Dende a seguinte ligazón pode consultarse máis información sobre este convenio:

[https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/proyectosTecnicos/24-106\\_AfiliacionASeguridadSocialporConcelloResidenciaAfiliado.pdf](https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/proyectosTecnicos/24-106_AfiliacionASeguridadSocialporConcelloResidenciaAfiliado.pdf)

Ademais destas dúas, tamén se vai recorrer a outras dúas fontes de información secundaria: o Padrón Municipal de Habitantes do Instituto Nacional de Estadística<sup>2</sup> (en adiante, INE) e os ficheiros que manexa a Consellería do Mar. En ambos os dous casos, estas fontes servirán para depurar e contrastar a información das fontes principais.

É a primeira vez que o IGE publica este estudo, que pasará a ser de actualización continua no ano 2025, segundo o permitan as fontes de información empregadas. Na publicación de novembro/2024, o período de referencia da información é o último día hábil do mes de decembro de 2023 para a información procedente dos ficheiros de afiliacións á Seguridade Social, e o ano 2022 no caso da información procedente da MCVL.

## 2. Ámbitos de investigación

### Ámbito poboacional

A poboación obxecto de investigación é o conxunto de persoas que cotizaron ao Régime Especial de Autónomos e Autónomas e/ou ao Régime Especial de Traballadores e Traballadoras do Mar conta propia, en situación de alta laboral a último día hábil de mes no caso da información procedente dos ficheiros da TXSS ou ben, que estiveron en alta laboral nalgún momento do ano en estudo no caso da información procedente da MCVL. O criterio para determinar se unha persoa forma parte do colectivo en estudo é que realice unha actividade económica no territorio da Comunidade Autónoma galega, con independencia da súa residencia, se ben tamén se vai ofrecer información en base a esta variable. Polo tanto, vaise ofrecer información para as persoas que traballan por conta propia en Galicia, pero tamén se van difundir algunas táboas específicas para as persoas que, ademais de traballar en Galicia, tamén residen nun dos 313 concellos que a integran.

Para o Régime Especial de Autónomos e Autónomas, o lugar de traballo vén determinado polo que figura na información orixinal que distribúe a TXSS; non obstante, para o Régime Especial do Mar conta propia, e dado que nos ficheiros da TXSS esta variable non sempre está cuberta ou actualizada, recorreuse ás bases de datos da Consellería do Mar. O criterio de residencia ven dado, á súa vez, polo Padrón Municipal de Habitantes do INE, ao igual que na operación estatística [2401-10-OE06 Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada.](#)

---

<sup>2</sup> O IGE recibe o Padrón Municipal de Habitantes do INE en virtude do Convenio sobre cooperación estatística e intercambio de información, firmado entre ambos os dous organismos en maio/2020.

Nesta estatística vaise ofrecer información para dúas unidades de estudo: afiliación e persoa afiliada. Nos dous réximes que integran o estudo non é frecuente que unha mesma persoa solape dúas actividades económicas distintas e, por ende, dúas afiliacións á Seguridade Social distintas nun mesmo mes. Non obstante, nunha porcentaxe reducida de casos o solapamento ocorre. Polo tanto, á hora de difundir información relativa ás características do emprego desempeñado, como o sector de actividade ou a antigüidade deste, falarase de *afiliación*, xa que estas poden diferir dun emprego a outro; pola contra, no referido ás características persoais do afiliado ou da afiliada, como o xénero, o grupo de idade ou a nacionalidade, falarase de *persoa afiliada*<sup>3</sup>.

A información referida a bases de cotización tamén se vai difundir por persoa afiliada, a semellanza do criterio aplicado polo IGE noutra das súas estatísticas, onde se ofrece información sobre as bases de cotización no Réxime Xeral. Segundo o criterio establecido nesta estatística, súmanse as bases de cotización da persoa ao longo do período en estudo (neste caso o ano, xa que a información procede da MCVL), nos seus distintos episodios de emprego por conta propia. Para poder calcular a base media de cotización ou a distribución das persoas en función do seu volume de cotización, segundo variables más propias da categoría *afiliación* que da de *persoa afiliada*, optouse por considerar unha das distintas afiliacións por conta propia da persoa como a "principal" e atribuír as características desta á persoa. Para determinar a "afiliación principal" da persoa recorreuse ao criterio establecido na estatística do IGE [2503-05-AE06 Bases medias de cotización no Réxime Xeral da Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada](#)<sup>4</sup>.

## Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

As persoas clasifícanse, principalmente, segundo o seu lugar de traballo, obtido dos ficheiros mensuais de afiliacións á Seguridade Social, no caso do Réxime Especial de Autónomos e Autónomas, e das bases de datos da Consellería do Mar, no caso do Réxime Especial do Mar conta propia. Nalgunhas táboas, o colectivo base vaise clasificar en

<sup>3</sup> Ou xenericamente de autónomo ou autónoma, incluíndo nesta designación ambos os dous réximes en estudo, salvo que se especifique o contrario.

<sup>4</sup> A "afiliación principal" do autónomo ou da autónoma corresponde á de maior duración das que lle figuren na MCVL do ano en estudo; en caso de empate na duración, considérase a que conte con maior base de cotización mensual no ano en estudo. Para máis información, pode consultarse a metodoloxía da actividade estatística 2503-05-AE06:

[https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/Metodoloxia\\_BasesCotizacion\\_gl\\_2022.pdf](https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/Metodoloxia_BasesCotizacion_gl_2022.pdf)

función do concello de residencia que figure no Padrón Municipal de Habitantes do INE<sup>5</sup>, pero sempre se vai tratar de persoas que traballan en Galicia.

## Ámbito temporal

En función da fonte de información empregada, o ámbito temporal vai a variar:

- No caso das variables calculadas a partir dos ficheiros mensuais de afiliación á Seguridade Social, o ámbito temporal é o último día hábil de mes; polo tanto, neste caso só se vai incluír na poboación obxectivo aquelas que se atopen en situación de alta laboral neste momento.
- Para a información procedente da MCVL, o ámbito temporal é o ano completo; neste caso, a poboación obxectivo estará conformada por todos aqueles traballadores e traballadoras que se atoparon en situación de alta laboral nalgún momento do ano en estudo.

Ademais, e dado que existe un desfase temporal entre a recepción dos ficheiros mensuais de afiliacións á Seguridade Social e a MCVL, a información procedente da primeira fonte é máis recente que a procedente da segunda. En particular, na publicación que se vai realizar deste estudio en novembro/2024, difundirase información mensual procedente dos ficheiros da TXSS dende xaneiro/2022 a decembro/2023, e información procedente da MCVL para os anos 2021 e 2022 (período 2013-2022 no caso da taxa de supervivencia do emprego autónomo).

## 3. Definicións

**Afiliación á Seguridade Social en alta laboral:** a afiliación é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador ou da traballadora e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que se poidan producir con posterioridade. É dicir, o traballador ou a traballadora afíliase cando comeza a súa vida laboral (alta inicial) e a empresa o/a dá de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social (ou se dá de alta a si mesmo/a

---

<sup>5</sup> Para elo é preciso realizar a unión entre o ficheiro de afiliacións á Seguridade Social e o Padrón Municipal de Habitantes do INE; para máis información sobre o procedemento de unión, pode consultarse o proxecto técnico da operación estatística 2401-10-OE06 *Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada* en:

[https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/proyectosTecnicos/24-106\\_AfiliacionASeguridadSocialporConcelloResidenciaAfiliado.pdf](https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/proyectosTecnicos/24-106_AfiliacionASeguridadSocialporConcelloResidenciaAfiliado.pdf)

no caso do emprego autónomo). No caso de que cese a súa actividade, a afiliación será dada de baixa pero a persoa seguirá afiliada, neste caso en situación de baixa laboral. Cando retome a actividade, producirase unha nova alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, sen que a persoa teña que afiliarse de novo ao Sistema.

O número de afiliacións non se corresponde necesariamente co de traballadores e traballadoras, senón co de situacións que xeran a obriga de cotizar ao Sistema. É dicir, unha mesma persoa contabilízase tantas veces como situacións de cotización distintas teña, xa sexa porque realiza varias actividades laborais nun mesmo réxime ou en varios réximes.

**Réxime Especial de Traballadores e Traballadoras Autónomas:** enténdese como traballador e traballadora por conta propia ou autónomo/a, aquela persoa que realiza de xeito habitual, persoal e directa unha actividade económica a título lucrativo, sen suxeición por ela a un contrato de traballo e aínda que utilice o servizo remunerado doutras persoas, sexa ou non titular dunha empresa individual ou familiar. Presuporase, salvo proba do contrario, que a persoa afiliada é un traballador ou traballadora por conta propia ou autónomo/a se ostenta a titularidade dun establecemento aberto ao público como propietaria, arrendataria, usufrutuaria ou outro concepto análogo. Estarán incluídos neste réxime especial, entre outras, as seguintes categorías de traballadores e traballadoras:

- Traballadores e traballadoras maiores de 18 anos que, de forma habitual, persoal e directa, realizan unha actividade económica a título lucrativo, sen suxeición a contrato de traballo.
- O cónxuge e familiares ata o 2º grao inclusive por consanguinidade, afinidade ou adopción que colaboren co traballador ou coa traballadora autónoma de forma persoal, habitual e directa e non teñan a condición de asalariados/as.
- Os escritores e as escritoras de libros
- Profesionais que exerzan unha actividade por conta propia, que a incorporación a un Colexio Profesional cuxo colectivo se integrara no Réxime Especial de Traballadores/as Autónomos/as.
- Os socios e as sociais de sociedades regulares colectivas e de sociedades comanditarias.
- Os socios e as socias traballadoras das Cooperativas de Traballo Asociado, cando estas opten por este réxime nos seus estatutos.

- Comuneiros/as ou socios/as de comunidades de bens e sociedades civís irregulares.
- Quen exerza funcións de dirección e xerencia que implique o desempeño do cargo de conselleiro/a ou administrador/a, ou preste outros servizos para unha sociedade mercantil capitalista, a título lucrativo e de forma habitual, persoal e directa, sempre que posúa o control efectivo, directo e indirecto, daquela.
- Os socios e socias traballadoras das sociedades laborais, cando a súa participación no capital social (xunto co do seu cónxuge e parentes, cos que conviva) acade ao menos o 50%.

En xaneiro de 2008 desapareceu o Réxime Especial Agrario por Conta Propia e os seus afiliados e afiliadas integráronse no Réxime Especial de Autónomos/as.

**Réxime Especial de Traballadores e Traballadoras do Mar:** este réxime desagrégase en dous subgrupos, tendo en conta se a persoa traballadora desenvolve unha actividade por conta allea ou por conta propia. Aos efectos deste estudo, só se vai considerar o subgrupo das persoas que traballan por conta propia, que son aquelas que realicen de forma habitual, persoal e directa, fóra do ámbito de dirección e organización doutra persoa e a título lucrativo algunha das seguintes actividades:

- Actividades marítimo-pesqueiras a bordo das seguintes embarcacións ou buques, figurando tales persoas traballadoras ou armadores no rol destes como técnicos ou tripulantes: de mariña mercante, de pesca marítima en calquera das súas modalidades, de tráfico interior de portos, deportivas e de recreo.
- Acuicultura desenvolvida en zona marítima ou marítimo-terrestre.
- Os e as mariscadores/as, percebeiros/as, recolledores de algas e análogas actividades.
- Mergulladores extractores de recursos mariños.
- Redeiros e redeiras.
- Prácticos de porto.
- O cónxuge e parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao incluído, de calquera persoa traballadora por conta propia incluída tamén neste réxime, que traballen con estas nas súas explotacións de forma habitual, convivan coa cabeza de familia e dependan economicamente del ou dela, agás que demostren a súa condición de asalariados/as.

**Afiliación principal:** trátase da afiliación que se vai empregar para asignar as características da relación laboral (sector de actividad) ao traballador ou traballadora

autónoma, á hora de determinar a súa base de cotización. Para determinar cal das afiliacións por conta propia en situación de alta laboral no ano en estudo se vai considerar principal, utilizanse os seguintes criterios:

- En primeiro lugar, a de maior duración no ano en estudo.
- No caso de empate en duración en dúas ou más afiliacións, selecciónase aquela coa base de cotización de maior importe medio mensual no ano de referencia.

**Base de cotización:** a base de cotización para as diversas continxencias e situacíons amparadas pola acción protectora do Sistema da Seguridade Social está constituída pola remuneración total, calquera que sexa a súa forma ou denominación, que con carácter mensual teña dereito a percibir a persoa traballadora ou asimilada, ou a que efectivamente perciba de ser esta superior, por razón do traballo que realice. Esta denominación aplícase a case todos os réximes que integran o Sistema da Seguridade Social. Non obstante, para as persoas que cotizan ao Réxime Especial de Autónomos/as non depende estritamente da remuneración real que perciban polo desempeño das súas actividades, senón que o Sistema lles ofrece a posibilidade de escoller o importe mensual polo que van cotizar, dentro duns límites mínimo e máximo. Os ditos valores son fixados cada ano polo Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones e os correspondentes ao ano 2022 poden consultarse na Orde PCM/244/2022, do 30 de marzo, pola que se desenvolven as normas legais de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cese de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional para o exercicio 2022: <https://www.boe.es/eli/es/o/2022/03/30/pcm244>

Ofrécense 3 indicadores relativos á base de cotización do colectivo en estudo:

- A media mensual da base de cotización, que se obtén sumando as bases de cotización da persoa en todas as súas afiliacións no Réxime Especial de Autónomos/as, en alta laboral nalgún momento do ano en estudo. A base total anual da persoa divídese por 12 para obter a desagregación mensual e depúrase, de ser preciso, para que o seu valor non exceda dos límites mínimo e máximo establecidos na normativa. A partir da base mensual de cada persoa, calcúlase a media para Galicia ou para a categoría de clasificación (homes/mulleres, grupos de idade, etc.) sumando as bases mensuais de todo o grupo e dividindo polo número de persoas integrante deste.

- A mediana da base de cotización mensual: partindo da base mensual de cada integrante da mostra (post-depuradas), ordénase a todos os autónomos e autónomas de menor a maior base mensual de cotización; a mediana é o valor que deixa a metade dos integrantes da mostra por debaixo deste valor e a outra metade porriba (a base mensual de cotización da persoa que se atopa exactamente no posto correspondente á metade das observacións). Este indicador corrixe a influencia que os valores atípicos (bases de cotización moi elevadas ou moi reducidas) producen na media.
- A clasificación das persoas en función da relación da súa base mensual de cotización coa base mínima fixada cada ano na normativa que regula as bases de cotización no Réxime Especial de Autónomos/as. Segundo esta clasificación, categorízase aos integrantes da mostra en 5 grupos:
  - 1º grupo: inclúe ás persoas autónomas cuxa base mensual de cotización coincide coa base mínima.
  - 2º grupo: inclúe ás persoas cuxa base mensual de cotización supera a base mínima pero está por debaixo do valor desta, multiplicado por 1,5 (por exemplo, para o ano 2022, no que a base mínima toma o valor de 960,6 €/mes, o intervalo superior deste grupo viría dado por unha base de cotización igual a 1.440,9 €/mes).
  - 3º grupo: composto polas persoas cunha base mensual de cotización situada entre 1,5 pola base mínima e o dobre desta (2 por base mínima).
  - 4º grupo: base mensual de cotización entre 2 por base mínima e 3 por base mínima.
  - 5º grupo: persoas cunha base mensual de cotización superior a 3 veces a base mínima.

**Taxa de supervivencia:** é a proporción de afiliacións no Réxime Especial de Autónomos e Autónomas que seguen en alta laboral a último día hábil do período considerado (1 ano despois, 2 anos despois, etc.) en relación a todas as afiliacións que se deran de alta neste réxime no ano de referencia.

**TRADE:** son as siglas de traballador ou traballadora autónoma economicamente dependente. A súa definición exacta ven fixada na Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto

do traballo autónomo<sup>6</sup>. A grandes trazos, son aquelas persoas que realizan unha actividade económica ou profesional por conta propia, a título lucrativo e de forma habitual, persoal, directa e predominantemente para outra persoa física ou xurídica, da que dependen economicamente por percibir desta, ao menos, o 75% dos seus ingresos por rendementos do traballo e de actividades económicas ou profesionais.

#### **4. Recollida da información**

As principais fontes de información das que se nutre esta estatística son, como se mencionou na introdución, o ficheiro mensual de afiliacións á Seguridade Social e a MCVL.

Ambas as dúas fontes nutren xa outras estatísticas<sup>7</sup> que elabora con regularidade o IGE e permiten abordar o estudo do emprego autónomo en Galicia dende distintas ópticas. No primeiro caso trátase dunha fonte exhaustiva, que integra a todo o colectivo en estudo, con información referida ás características persoais do/a afiliado/a, así como das características laborais da afiliación. A súa periodicidade é mensual e facilitana ao mes seguinte do período de referencia, polo que achega información recente. Ademais, debido á súa exhaustividade, permite ofrecer información con maior nivel de desagregación como, por exemplo, a nivel de concello de traballo ou de residencia.

A segunda procede dunha mostra extraída dun compendio de rexistros administrativos; non se trata, polo tanto, dunha fonte exhaustiva. A súa periodicidade é anual e ten o inconveniente de que se facilita cun retardo de 2 anos. Non obstante, achega maior volume de variables sobre o colectivo en estudo que a primeira; permite seguir a vida laboral dos integrantes da mostra e analizar o paso do traballo por conta propia ao traballo por conta allea, así como cara outros estadios (xubilación, percepción de prestacións ou subsidios por desemprego); contén, así mesmo, as bases de cotización no Réxime Especial de Autónomos e Autónomas. Para a súa extracción emprégase un método de selección por mostraxe aleatoria simple e ten a peculiaridade, fronte a outras estatísticas mostrais, de que é continua, no sentido de que segue a evolución laboral ano

---

<sup>6</sup> <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2007-13409>

<sup>7</sup> Entre elas a operación estatística *Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada*, disponible no seguinte enlace web:

[https://www.ige.gal/web/mostrar\\_actividade\\_estatistica.jsp?codigo=0204033002](https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?codigo=0204033002)

e a actividade estatística *Explotación da Mostra Continua de Vidas Laborais*, disponible no seguinte enlace:

[https://www.ige.gal/web/mostrar\\_actividade\\_estatistica.jsp?codigo=0204034001](https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?codigo=0204034001)

a ano do mesmo colectivo de poboación (o seleccionado no momento de extracción da primeira edición da MCVL, o ano 2004); este complétase con novas incorporacións anuais para garantir a representatividade da mostra. O factor de elevación toma o valor 25 para todos os integrantes da mostra<sup>8</sup>.

No estudo do colectivo de persoas que traballan por conta propia en Galicia vanse combinar ambas as dúas fontes. Ademais destas, tamén se vai recorrer a outras dúas fontes de información secundaria: o Padrón Municipal de Habitantes do Instituto Nacional de Estadística<sup>9</sup> (en adiante, INE) e os ficheiros que manexa a Consellería do Mar. A primeira permite depurar o concello de residencia da persoa e a segunda, a súa vez, permite depurar o concello de traballo das persoas afiliadas no Réxime Especial do Mar conta propia, xa que se detectou que ambas variables, contidas nos ficheiros de afiliacións da Seguridade Social, nalgúns casos non reflicten a situación actual da persoa<sup>10</sup>. O INE envía semestralmente ao IGE os ficheiros de microdatos do Padrón con data de referencia o 1 de xaneiro e o 1 de xullo de cada ano; a Consellería do Mar, a súa vez, facilita a información dispoñible nas súas base de datos con carácter anual e o período de referencia desta é o último día hábil do ano.

Cada ficheiro mensual de afiliacións crúzase co Padrón Municipal de Habitantes que teña a data de referencia más próxima ao de afiliacións e que estea dispoñible no momento da difusión da operación<sup>11</sup>, e cos ficheiros facilitados pola Consellería do Mar con data de referencia o último día hábil do ano de referencia. Polo tanto, a variable concello de traballo reflectirá o valor que figura no ficheiro mensual de afiliacións no caso do Réxime Especial de Autónomos/as, e o valor que figura nos ficheiros a último día hábil de ano da Consellería do Mar no caso do Réxime Especial do Mar conta propia. A súa vez, a variable concello de residencia reflicte o valor que figura no Padrón Municipal de Habitantes a 1 de

---

<sup>8</sup> Para máis información sobre o método de selección e extracción da MCVL, pode consultarse a seguinte ligazón:

[https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_mcyl\\_transversal\\_2022\\_gl.pdf](https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_mcyl_transversal_2022_gl.pdf)

<sup>9</sup> O IGE recibe o Padrón Municipal de Habitantes do INE en virtude do Convenio sobre cooperación estatística e intercambio de información, firmado entre ambos os dous organismos en maio/2020.

<sup>10</sup> Para máis información sobre a depuración realizada nas variables orixinais dispoñibles nos ficheiros de afiliacións da Seguridade Social, concello de residencia e concello de traballo, a partir das fontes citadas, pode consultarse o seguinte documento técnico, INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE) (2024), *Informe sobre a posibilidade de difundir un estudio específico sobre o emprego autónomo en Galicia*, realizado para dar resposta á "Liña de actuación salientable 2: estructura sociolaboral" do Programa Estatístico Anual de 2023, dispoñible baixo petición ao IGE.

<sup>11</sup> En concreto, os ficheiros de afiliacións correspondentes aos meses de xaneiro a xuño de cada ano crúzanse co Padrón a 1 de xaneiro dese ano, e os correspondentes aos meses de xullo a decembro co Padrón a 1 de xullo.

xaneiro do ano de referencia para os primeiros seis meses do ano, e o que figura no Padrón a 1 de xullo para os seis meses restantes.

Nunha reducida porcentaxe de rexistros non se dispón do valor da variable concello de traballo nos ficheiros da Seguridade Social e tampouco foi posible localizar á persoas, nin na información subministrada pola Consellería do Mar, nin no Padrón; nestes casos, tanto a variable concello de traballo como a variable concello de residencia reflectirán a información referida ao domicilio da persoas segundo o ficheiro da Seguridade Social (concello de residencia que figure nesta fonte).

## **5. Variables de clasificación e aspectos metodolóxicos**

Á hora de publicar resultados referidos a afiliacións, cada persoas contabilízase tantas veces como situacions de cotización distintas teña que, no caso do traballo por conta propia, corresponderá co feito de que unha persoas figure afiliada nos dous réximes en estudo de forma simultánea (no Réxime Especial de Autónomos/as e no Réxime Especial do Mar conta propria) e/ou realice varias actividades laborais distintas nun destes dous réximes (por exemplo, compatibilice o desempeño dunha actividade enmarcada na rama 01, relacionada coa agricultura e a gandaría e, ao mesmo tempo, unha actividade de comercio ao retalho, enmarcada dentro da rama 47 da CNAE-2009). Tamén se pode dar o caso de que figure máis dunha afiliación para a mesma persoas porque esta desempeñe actividades por conta propria en máis dunha das catro provincias galegas. Só se van ter en conta, no caso da información procedente dos ficheiros mensuais de afiliacións á Seguridade Social, as que se atopen en alta laboral a último día hábil de mes e inscritas nun destes dous réximes con actividade en Galicia.

No apartado referido á taxa de supervivencia do emprego por conta propria, onde a unidade de análise tamén é a afiliación (coa particularidade de que só se inclúen as correspondentes ao Réxime Especial de Autónomos/as), contabilizaranse as altas producidas ao longo de todo o ano de referencia e analizarase se estas seguen en alta laboral a último día hábil do ano  $t+1$  (é dicir, o ano seguinte ao de darse de alta), do ano  $t+2$  (dous anos despois ao de darse de alta), etc., ata  $t+9$ ; é dicir, analizarase a situación da afiliación ata 9 anos despois do comezo da súa actividade.

Pola súa banda, á hora de publicar resultados referidos a persoas afiliadas, cada traballador ou traballadora contabilízase unha soa vez, con independencia do número de

afiliacións nas que figure en alta laboral. Neste caso, a data de referencia da información dependerá de se esta procede do ficheiro de afiliacións mensuais á Seguridade Social ou da MCVL:

- No primeiro caso, contabilizarase o número de persoas afiliadas nun dos dous réximes en estudo, en situación de alta laboral a último día hábil de cada mes.
- No segundo caso, contabilizarase o número de persoas afiliadas ao Réxime Especial de Autónomos/as en situación de alta laboral nalgún momento do ano en estudo. Para o cómputo da base de cotización mensual da persoa, sumaranse as bases de todas as actividades por conta propia en situación de alta laboral nalgún momento do ano.

A continuación, faise unha pequena descripción das principais variables de clasificación utilizadas na difusión dos resultados:

**Concello de traballo da persoa afiliada:** concello do lugar de traballo segundo o ficheiro de afiliacións á Seguridade Social para o Réxime Especial de Autónomos/as, e segundo as bases da Consellería do Mar para o Réxime Especial do Mar conta propia. No caso de que non figure o lugar de traballo na primeira fonte ou non se logre co cruce coa segunda, referirse ao concello de residencia da persoa segundo a Seguridade Social.

**Concello de residencia da persoa afiliada:** concello no que figura empadroada a persoa afiliada, segundo o Padrón Municipal de Habitantes do INE; no caso de que a persoa non figure neste rexistro, será o concello de residencia que figura no ficheiro de afiliacións da Seguridade Social.

**Grupo de idade:** obtense a partir da data de nacemento que figura no ficheiro de afiliacións da Seguridade Social ou na MCVL, dependendo da fonte de orixe da información.

**Xénero:** obtense tamén dos ficheiros de afiliacións á Seguridade Social ou da MCVL.

**Nacionalidade:** obtense tamén dos ficheiros de afiliacións á Seguridade Social ou da MCVL.

**Actividade económica:** é o código da actividade (segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas CNAE-2009) da afiliación no ficheiro de afiliacións da Seguridade Social. Públicanse resultados a nivel de rama de actividade (2 díxitos da CNAE-2009, nalgúns casos, agrúpanse dúas ou máis ramas para salvagardar o segredo estatístico) por

provincia de traballo, e a nivel de sector de actividade (agricultura e pesca, industria, construcción e sector servizos) por concello de traballo. No apartado de bases de cotización, información procedente da MCVL, corresponde ao código de actividade da afiliación “principal” da persoa (aquela de maior antigüidade); neste caso, difúndese a nivel de sectores de actividade.

**Réxime de afiliación:** réxime de inscrición da afiliación por conta propia; neste estudo só se consideran os dous réximes seguintes:

- Réxime Especial de Autónomos e Autónomas
- Réxime Especial de Traballadoras e Traballadoras do Mar conta propia

**Relación do autónomo ou da autónoma con outras entidades:** reflicte a relación de pertenza ou dependencia do traballador ou da traballadora con outras entidades laborais; as categorías difundidas son as seguintes:

- Socio ou socia cooperativo ou de empresa colectiva
- Membro de órgano de administración de sociedades mercantís
- Familiar de socio ou socia de sociedade mercantil
- Familiar colaborador de titular de explotación
- TRADE (traballador ou traballadora autónoma dependente economicamente doutras entidades)
- Outra (aquí inclúense outro tipo de relacións, como institucións relixiosas, colexios profesionais, etc.)
- Sen relación (con sociedades, institucións ou outros autónomos ou autónomas)

**Situación profesional:** reflicte se a persoa que traballa por conta propia conta con persoal asalariado ao seu cargo e, de ser este o caso, o número de traballadores/as por conta allea dados de alta a último día hábil de mes. Non se inclúe o réxime 0138 (Sistema Especial de Empregados e Empregadas do Fogar) no cómputo do persoal asalariado.

**Antigüidade da afiliación:** ven determinada polo intervalo comprendido entre a data de alta da afiliación no Sistema da Seguridade Social e o último día hábil do mes de referencia.

## 6. Presentación de resultados

Os resultados desta estatística vanse difundir na web do IGE, no seguinte enderezo:

[https://www.ige.gal/web/mostrar\\_actividade\\_estatistica.jsp?codigo=0204042](https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?codigo=0204042)

A difusión estrutúrase en tres bloques:

- Clasificación e caracterización das persoas que traballan por conta propia no momento actual: a fonte de información das táboas incluídas neste apartado son os ficheiros mensuais de afiliacións á Seguridade Social e estrutúrase, a súa vez, en 2 sub-grupos:
  - Segundo o lugar de traballo da persoa afiliada
  - Segundo o lugar de residencia da persoa afiliada

Neste apartado ofrécese información sobre as características persoais dos traballadores e das traballadoras inscritas nalgún dos dous réximes en estudo (desagregado segundo o réxime, cando é posible) en Galicia no momento actual e sobre as características das súas afiliacións nestes réximes.

- Supervivencia do emprego autónomo: a fonte de información deste apartado é a MCVL. Contén unha táboa co número de afiliacións no Réxime Especial de Autónomos/as dadas de alta en Galicia desde 2013 ao último ano dispoñible (2022 en novembro/2024), así como as que seguen en alta 1 ano despois, 2 anos despois, 3 anos despois, etc. Tamén se ofrece a taxa de supervivencia do emprego autónomo nestes períodos de seguimento.
- Bases de cotización das persoas que traballaron por conta propia no ano de referencia: a fonte de información é a MCVL e restrínxese ás persoas que cotizaron ao Réxime Especial de Autónomos/as nalgún momento do ano de referencia.